

ALBERTO GARCÍA FERREIRO

LEENDA DE GORIA

(POEMA)

PRIMERA EDICIÓN

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F7569


Biblioteca

ORENSE
Imprenta LA POPULAR
PROGRESO, FRENTE AL CORREO

1891



LEENDA DE GRORIA



ALBERTO GARCÍA FERREIRO

LEENDA DE GRORIA

(POEMA)


PRIMERA EDICIÓN

ORENSE
Imprenta LA POPULAR
PROGRESO FRENTÉ AL CORREO

1891

É PROPIEDÁ D' O AUTOR

O Xurado d' o Certame científico, literareo, artísteco, industreal e mercantil, que se celebróu n-a Cruña o dia 7 de Setembre d' o ano últemo, concedéulle por unanemidá, ó poema LEENDA DE GRORIA, o Primeiro Premeo, ofrecido pol-a sociedá Liceo-Briegantino.



ADICATORIA

AIROTARICA

A PRENSA CRUÑESA


*Maus amigas e gasalleiras, en noite que non
ei d' esquecer xamáis, xuntáronse pr' enxordecerme
a forza d' aprausos; beizos que decote se desapegan
pra deixarlle paso a un berro de combate n-o máis
rexo d' as loitas patrótecas, abrironse pr' entoar
xunt' os meus ouidos, somellantes a regocixadas
arrechoucherías de páxaros, mainas míssecas d' em-
boras e de laudes xenerosas; prumas adoitas a esa
brilante maxia que curvirte un prego de papel
n-un anaco d' o estrelado eco d' as ideas, tecéron-
me, bondosas e acaloumiñantes, croa máis dina de*

s' asentar n-a testa de calquera d' os esquirtores rexionales, que de cinguir as siés d' un soldado de fila, sin veneiras e cuáseque sin nome....

¿Podréi eu, aburado pol-a gratitú qu' enche o meu corazón, non pagar, que pra xustiprecio d' honores tan insines n' hay moeda que sirva d' alboroque, sinón demostrarlle á prensa cruñesa o meu reconocimento, adicándolle estas follas, mirradas y-eslanguecidas, sobr' as qu' ela, mzis curtés que xusta, deixón cair arrecendentes follas de loureiro e chuvia de fogo de centelantes hipérboles?...

ALBERTO GARCÍA FERREIRO

POEMA





I

Diante d' os ollos, de lourés coberta,
Si pol-a neve d' a vellez murchada,
A páxina immortal móstras' aberta...
¡Y-esa páxina val por unha *Iliada*!
¡Tí, ennoitecida ispiración, desperta,
E crávame n-o cráneo co-a tua ollada,
Si tés rayolas com' o sol, e fires,
Un coitelo de luz cando me mires!

II

Non virxíleco ardor, fogo de frágoa
Qu' estorce o ferro e qu' a segur affía
E chispas d' ouro sobr' o yunqu' esbágoa,
D' o corazón me ruba á fantesía.
Nin coita amante nin firente mágoa,
Trinos de reiseñol, pon n-a poesía,
Quen, frent' ó corso que c' os libres cerra,
Tañe a rebato c' o crarín de guerra.

III

¡Orzán, Orzán, qu' os penascales mordes,
Solt' a madeixa d' as tuas crís d' escuma,
Dall' o teu rebramar ôs meus acordes
Y-o teu rouco balbor á miña pruma!
C' o teu urro ferós quero qu' axordes
'O ceo, qu' envolvéndose n-a bruma,
Ten medo de te ver, xunt' ó prayazo,
Arquexar, epiléutico, o espiñazo.

IV

¡Arbre d' a historia, qu' orguloso prendes
 Dend' o castro ô menhir cofias de frores,
 E, sacodind' a ramazón, estendes
 Bandada azul de cheiros e coores
 Pol-o céltico lar, ond' arrecandes
 Entr' as urces monteses d' os alcores!...
 ¡Pra t' apreixar, apouvigand' o vento,
 Aguias quixera ter n-o pensamento!

V

Veu com' a nube qu' o huracán axota
 Pol-a bóbeda azul n-a primaveira,
 E lume e pedra d' as illargas bota
 Lostregándoll' a luz n-a cabelleira. .
 Asina surxe, sobr' a inxente frota,
 Manchón de sangue, a grímpol' estranxeira,
 Y-as píllaras d' as olas, rebulindo,
 Pr' a terra fuxen, d' a traición fuxindo,...

VI

A traición est' alí, turdia, salvaxe,
 Sobe' a ponte d' as naves, co-a coroa
 D' Ingraterra n-as siés, pra vil-aldráxe
 D' o celta que durmita n-a mamoia
 Y-erguend' o dolmen e vistind' o traxe
 D' a guerra, à guerra, armipotente, voa....
 Alí campa a traición, e loce, impura,
 A sangue d' a Estuardo n-a armadura.

VII

¿Qué fixéchedes vos pra qu' a venganza
 Despechand' o arcabuz, o ferro esgrima?
 ¿Por qué a lexión, que tempestosa avanza,
 A mecha ó cebo d' os cañós arrima,
 Y-apreixa o astil d' a relocente lanza,
 Y-ós mortos ll' abre medoñenta sima?
 ¿É que Dios deixa, con desdé profundo,
 Qu' o peso d' unha croa esmagu' ó mundo?

VIII

¡A coroa d' un rei!.. Onte, estrozada
 D' o sul-ô norte a terra, a costra abrúa
 Pr' engolir a carnaza d' a loitada
 E sorber tod' a sangue que caía.
 D' o nort'ô sul co-a relampant' espada
 Calros quinto, d' Arxel hastra Pavía,
 Desinza os pobos y-os lindeiros trouza,
 E fai chorar ôs Papas de vergonza.....

IX

¡A coroa d' un rei!.. Onte, n-o leito
 Ond' eróteco ardor rendiu ô xugo
 D' a maxéstá ríal cándedo peito,
 Dend' os brazos d' o rei ôs d' o verdugo
 As Bóleyns y as Howárds pasan a eito.
 ¡Qu' os reises nascen, porqu' a Dios lle prugo,
 Pr' embulleirarse n-es charcás d' o vicio
 E pra queimar a Cránmer n-o suprecio!

X

D' os ódeos d' os monarcas doéus' España
N-a edá, groriosa pol-o qu' é ferribre,
En qu' un rei, pol-os mares, á rebaña
De terra ingresaenzurr' unl' *Invencibre*....
D' os ódeos d' os chacás, rexia pautaña
Pisóull' o corazón a un pobo libre,
Armando d' arcabuz ôs lexionarios
Y-enchend' o mar de pólvora e corsarios....

XI

Europa treme dend' o Volga ô Miño,
Tenebrecen d' horról-os hourizontes,
E, d' as lurpias pasiós n-o remüiño,
Pra pór os vales ô nível d' os montes,
Terraprenan con mórtol-o camiño
Os monarcas qu' a xiba d' os bisontes
Baix' o fino torzal d' o paramento,
Levan n-a tenebrés d' o pensamento.

XII

Xoroba sí, que San Quintín e Frandes
 Mancilas poden ser, pero non groria,
 Que s' os que matan más son os más grandes,
 Non caben tódolos Caís n-a historia!
 Xoroba sí, que d' o Pirene ós Andes,
 O que soilo n-a guerra hachou viatoria-
 N-a carce roín d' os seus remorsos xime,
 Que Dios, ond' o home ¡trunfo!, berra ¡crime!

XIII

Xoroba sí, que pr' engriloál- a cencia
 E verter n-a fogueira que crepita
 N-as ruas de París e de Florencia,
 Caldeiros d' arquitrán y-auga bendita,
 É mester ter xoroba n-a concencia.
 Xoroba sí, qu' o fanatismo enrita
 D' a homanidad' o mar, cego d' encono,
 Y-abaxo non nascéu, paríun' o trono,

XIV

¡Tí, pobo soevo, pol-o pé gradado
 D' o César d' o teu lar e d' o estranxeiro,
 Si pr' aldraxes vengar d' o seu *coñado*,
 Y-encher ô rei, seu *primo*, de bulleiro,
 Bot' a ingresa Sabel ô mar crespado
 A nao qu' axorda o pelotón guerreiro,
 Faille frente á traición, tés que vencela;
 O teu lar é a tua patria... ¡A defendela!

XV

O día alborexóu... Escachoantes
 Rompen as olas n-os pretís d' o muro,
 Y-asomellan manadas d' alefantes;
 As albionenses naos n-o mar escuro...
 Franxas de néboa ond' esprandor dinantes;
 Onde risos de paz, béléco xuro;
 As airexes, bastiós; á crúz, almea,
 Y-as pregarias cantigás de pelea.

XVI

Ceiban urros de morte n.os espazos
D' os inhiestos cimborreos as esquilas,
Lostregan, ô ferir, os navallazos
E d' ardidos leós énchens' as filas.
Xa sobran corazós e sobran brazos
Pra blander as flabercas y-esgrimilas...
¡Xa sobran, patria, fillos pra yengarte,
Beizos pra te laudar, héroes pr' honrarte!

XVII

Pol-a terra y-o mar cinguen de lume
A cibdá, que rebole y-algueirea,
O bretón qu' a asoballa dend' a cume
Y-a nao que, dend' o golfo, a bombardea.
Arrebuxada entre cendás de fume,
'O renixer d' o bastión que se pandea,
O ferro deixa, arrecadand' a pala,
E devolve metrala por metrala.

XVIII

Ronda Nórris, n-aceito, as casamatas,
E d' o mar n-os revoltos turbelinos,
O pirata más grande d' os piratas
Y-o marino más grande d' os marinos,
Despena sobr' a Cruña as cataratas
D' o promeo d' os cañós isabelinos.
¡Drake est' alí, maníscio, tonante,
Sobr' o lombo d' o mar, feito un xigante!

XIX

É d' os nautas a fror; o qu' a bandeira
De Saxonia portóu d' o sul-ô norte;
O que reise se viu n-a nao guerreira
Que leva ôs paus enguirnaldad' a sorte,
'O croalo en Deptford Sabel primeira.
Nin houbo ferro que lle dese morte,
Nin fazañas á qu' él non s'estrevese,
Nin loita fera n-a que non vencesce.

XX

Drake est' alí, n-o mar, ardend' en bríos,
 Ollando, ô lonxe, as frolecentes lombas,
 N-o médeo d' unha selvia de navíos
 E de pé sobr' un cûruto de bombas.
 Ten n-o mirar os lostregantes fíos
 De luz d' a fouce d' abordaxe; sombas
 D' o atardecer n-a maxestosa frente;
 Brazo d' Aquiles, corazón valente.

XXI

¡Non importa! Diant' él, amiralada,
 Firme pra resistir, rexia pr' a loita,
 De fume e de loureiros coroada,
 Afeita á sangue y-ô martireo adoita,
 Cal tenrísima cántiga de ruada
 O tronar d' os caños a Cruña escoita.
 Os ollos de pavura non remela....
 Sabe qu' hay que vencer... ¡y-o trunfo é d' ela!

XXII

¿De qué sirven as naos ond' acobexa
 Un rebano de tigres pr' estrizalas?
 ¿De qué val a lexión onde s' envexa
 'Os que cán, combatiñado, n-as muralas?
 ¿Qu' importan os ardides d' a estratexa
 Onde poden os homes más qu' as balas?
 A ola non desfai o promontorio:
 ¡Drake non chega pra vencer a Osorio!

XXIII

Xa conoce o pírata ós teus guerreiros;
 Xa o fixemos fuxir, a cañónazos,
 Como fuxen en bándol- os xilgueiros
 Cando sinten o trono n-os espazos....
 Xa saben qu' ond' están os teus aceiros
 Non se pode vencer a arcabuzazos;
 ¡Con rábea pensa, ó reloitar cuntigo,
 N-os muros de Bayona e n-os de Vigo!

XXIV

E eré ver a Sarmento n-o baloarte,
Y-ô prócer soevo, de sonad' aleuña,
C' o rexo cinguidor d' o talabarte,
Sobr' a torre más alta d' a Coruña,
Prender n-a crux o céltico estandarte,
Pacheco é xefe, com' entón Acuña;
Non-os esqueces tí, non t' esqueceron;
¡Volveránte vencer cal te venceron!

XXV

¡Qué ferir! ¡Qué loitar! Qu' argarabía
De maldiciós e alayos n-a trincheira!
¡Qué montañas de pólvora n-a ríal
¡Qué mastil de cadavres pr' a bandeira!
De morrer e trunfar ¡qu' horreudo día!
Pra matar e morrer ¡qué borracheira!
Pra fazañas homéreas ¡qu' asunto!
Pra feitos saguntinos ¡qué Sagunto!

XXVI

A noite é trégoa, pero non remate
 D' o sanguento festín; co-a nova aurora
 Alcéndes' o volcán d' outro combate
 N-a cibdá e n-o suburbeo, drento e fora.
 Seis dias dura o cerco, e non s' abate
 O pendón coruñés nin unha hora....
 ¡Y-en seis días, con nervo e picarafía,
 S' un mundo non, desfáis' unha montaña!

XXVII

Nórris é a destrución. Por onde pasa
 Nin arbre deixá en pé, nin chouza erguida;
 Si non pode matar, quema y-arrasa,
 E si mata ninguén queda con vida.
 A quentura vourás en que s' abrasa
 Esfoga n-a yellez esmortecida,
 N-a triste nai, n-a virxe sedutora,
 N-o berce ond' a inocencia canta e chora....

XXVIII

Nórris é a destrución; murch' a frolesta,
 Erma o chau ó gradalo co as pautañas,
 Fai d'o roubo praeer, d' a morte festa,
 D' a airexe polvo e einsa d' as cabañas,
 Cal si levase víboras n-a testa
 E un nideiro de sapos n-as entrañas.
 N' hay perdón nin coartel pr' a sua euchila;
 D' o norte veu, e gomitóuno Atila.

XXIX

Cada anaco de greba cúnquistada
 Por soevos ou bretós custa un rimeiro
 De mortos e de sangue unha riada
 Que s' é firm' o cruñés, firm' o estranxeiro.
 N' hay espirto qu' esmaye, mau cansada
 D' esgrimir o machado nin-o aceiro
 Lostregador qu' onde s' asesta esmuiza,
 Nin léngoa que n' increpe e non maldiza.

XXX

Entr' a saco Norrís d' os pescadores
N-o legre lar, risoño y-esquecido,
Que non ten muralós por cinguidores
Nin está d' aspilleiras goarnecido.
Os cadavres pisóu d'-os defensores
As poutas ô poñer n-o seu enxido.
Vinte mil contra cen... ¡Así ganaba
Os loureiros Norrís cando trunfabal

XXXI

A Cruña sempr' en pé, firm' e soberba,
Sin tremer nin cair, d' a patria imaxe,
Rubida ó Sinaí, diosa e non serva,
Arrulada d' o mar pol-o oleaxe....
Embestíuna cen vecel-a caterva
E cen veces, oubecando de coraxe,
O invasor recuóu, enforecido,
E de medo e vergonza espavecido.

XXXII

Ferve o pobo cruiñés; esborrallados,
Os lares cán con balboroso estrondo;
N-as pedras d' o mural, apiñocados
D' enriba abaxio, e d' os pretís ô fondo,
Enracímans' os cubos de soldados
E Cís, n-os terraprés, surxen d' abondo.
A metrala n-os aires asubía,
Reventan os cañós, é noite o día....

XXXIII

Chega ô muro Norrís, y-abrindo as alas
D' a lexión sitiadora, o muro cerca;
Pro están altal-as torres pr' escalalas,
Y-está n-elas a morte, e non se merca
O dereito d' entrar máis que con balas.
¡Pra rendil-a cibdá n' hay loita terca
Qu' abonde, nin bombardas, nin ataques,
Nin navíos, nin pólvora, nin Drakes!

XXXVI

¡Seis días de loitar! Ninguén ocioso
S' amostra n-o rubumbio d' a pelea;
Quen falta n-a murala, está n-o foso,
E quen falta n-o foso, está n-a almea.
O brazo d' a muller, agarimoso,
É brazo de titán cando guerrea;
O seu peito, coraza; a vos tremente
De dulce rola, silbo de serpente.....

XXXVII

Vel-alí combater, a crencha solta,
Marciál-o porte, enforecid' a ollada,
En fume e sangue e labareda envolta,
Guindando a pica e recollendo a espada,
Altiva e nobre e pra morrer resolta
‘O pé d' o parapeto ou n-a avanzada;
¡Eponina de frent' a Vespasiano,
Branca Rossi n-os muros de Besano!

XXXVIII

Vel-alí combater; non asosega,
Bot' á rés os penedos, e derrumba
A morte sobr' o ingrés qu' andás s' achega
'A tapia e que n-a tapia alcontra tumba.
Ven e vai, axirxilla, o pano prega
Sobr' o corpo xentil, y-a fouce arrumba
Cando, farta de sangue, cae n-a iliorta
Pra non erguerse máis... ¡porque cae morta!

XXXIX

¿Pra qué falar de femias espartanas
Ond' están as mulleres coruñesas?
¿Pra qué cantar os trunfos d' as estranas
Si temos acarón os trunfos d' *esas*?
Non é unha, son cen, loitando ufanas
Contr' a bravura d' as lexiós ingresas;
Non é unha, son cen, as que n-a historia
Teñen por sacro altar, o altar d'a groria!

XXXVIII

Esposa d' os qu' esmayan, d' os feridos
Bondosas nais, d' o loitador escudo,
Abrouxan con guerreiros alaridos
'O ingrés que, cego y-acorado e mudo,
Sinte aquel ulular n-oos seus ouidos
Entr' estrépeto d' olas, e un saudo
Maxínase qu' o mar y-a terra fanlle
'As que, con ser mulleres, medo danlle.

XXXIX

¡Seis dias de loitar! Vans' estreitando
As filas contr' os muros, e redobra
Os seus ímpetos Nórris, enroscando
'As tapias coruñesas unha cobra
De picas e caños; trapexeando,
O lenzo ingrés n-o mástil se desdobra,
E d' o asalto, n-a rexia arremetida,
Estreméces' o mar co-a sacodida.

XXXX

Reprégas' o invasor; o campamento
 É cráter de volcán, forno e fogueira;
 Pr' asaltar outra vez sóbrall' alento
 'O ingrés, y-asalta com' a vez primeira.
 De novo, ensanguentad' o paramento,
 Nórris vai d' a vangoardea n-a dianteira,
 E de novo rebota n-ás muralas
 Un diluvo de pedras e de balas....

XXXXI

Ninguén falta n-a cerca. Aparellados
 Pra morrer todos xuntos sin rendirse,
 As mulleres arengan ós soldados
 E deprenden ós nenos a batirse.
 De pé n-os matacás esnaquizados,
 Aturuxán e cantan pr' aturdirse
 Y-abrayar c' os seus cantos ós ingreses,
 Arborando o arcabuz, os coruñeses.

XXXXII

D' almeyares de mortos trál-o abrigo,
C' os cañós esmioland' ós sitiadores,
Arrabuñan as pedras y-o formigo,
E todo abajo ven pol os tambores
D' o mural, d' Ingraterra pra castigo.
E pr' aldraxe d' afoutos invasores.
O muro renxe, e cae; per' outro muro
De corazós alcontran.. ¡y é más duro!

XXXXIII

—¡Atrás, atrás! Si reventóu a mina
Y-a murala caíu, guindad' a mecha;
¡Corpo a corpo a loitar!—unha heroina
Ruxe e trona, e, voando com' a frecha,
E más grande qu' a prócer numantina,
Cega d' indinación, campa n-a brecha.
¡É Xupiter, armíxero, iracundo...!
¡Pr' erguerll' un pedestal, fai falt' un mundo!

XXXXIV

Trás ela sán, alud que se despena,
 Huracán que d' o ceo se desembarra,
 A muller que résopra com' a hena
 Y-o alcides vengador que brand' a macra.
 N-a loita de xigantes que s' empena
 Un pelotón n-un pelotón s' engarra,
 Y-o ferirse, rabeosos, un outeiro
 Deix' alí de cadavres o estranxeiro...

XXXXV

¡Esforzada muller! Xunt' á bravía
 Costa d' o mar, n-o penascal inxente,
 Rach' as néboas espesas, y-escudría
 Co-as olladas as sombas d' Oucidente.
 E si ves framexar n a lexanía
 Sobr' un barco, ur ha grínpol' insurxente,
 E qu' un traidor o seu puñal cravuña,
 ¡Volye ser a Semíramis d' a Cruña!

XXXXVI


Outra vez n-as muralas quero verte
 Entr' a sangue y-os mortos envolcarte,
 Y-entr' as pedras d' os cómaros erguerete,
 Y-entr' os bélicos hinos alritarte,
 Sin Norrises qu' abonden pra vencerte,
 Nin metrala que chegue pra matarte,
 Nin bronces onde quepia a tua viutoria,
 Nin luz de sol pra te cobrir de groria!

XXXXVII

¡Cantai o trunfo—pr' o que vence, aurora,
 E pr' o vencido noite ennubarrada—
 D' a Coruña, ja Numancia trunfadora!,
 C' o pleutro de combate, c' unl' espada!
 E decidell' à fama laudadora
 Que s' a tremer chegou diant' unh' Estrada
 Motzuma, n-a rota traskalita,
 ¡Eiquí vencéu a *Drake...* ¡*Mayor Pita!*

Ourense, 19 d'^o Agosto de 1890

NOTAS



*¿Qué fixéchedes vos pra qu'a venganza
Despechand' o arcabuz, o ferro esgrima?*

Os pobos foron sempre vitímas d'as xenreiras d'os déspotas qu' os asoballaron inicamente. Sabel I d'Ingrate-rra e Felipe II d'España, dinos un d' outro — pois si pri^o en-famar a memoria d'a filla d' Enrique VIII érguese n-o castelo de Fotheringay, entr' os repunantes espeutros d' os fanátecos sayós Plether e Kent, a malencónica imixe de Maria Stuard, pra maldecil-a sevicia d' o fillo de Carlos V surxe n-as ruas de Zaragoza, ilumiñado pol-os esprandores d' o martíreo, o pantasma d' o Xusticia d' Aragón — tíñin-se impracabre aborrecimiento, non soilo por tirapuxás e rivalidás d' o oficio, sinón por desamenencias presoales e por feridas, xamais pechadas, de coxegoso orgullo. S' un

encirrab' ós bandos católicos d' Irlanda contr' o trono inglés, outr' axudab' ós Paises-Baixos y-ó os muriscos d'as Alpuxarras contr' o trono español. E a xogo. A xogo non, qu' a perda d' os navios d' a *Invencible*, n-a qu'as fiagazas d' Howard tiveron tanta parte com' os trebós y-os ensoberbecimentos d' os mares, as pirateirías d' os ingreses n-as nossas terras ameiricanas, o sitio d' a Cruña y-o saqueo de Cádiz, si serviron pr' amostrar ónde chega o noso quentor patrónico, sementaron de cadávres o chau d' España, xugueste d' aventuréiros coroados e campo de batalla d' as turburetas pasiós relixiosas.

Si pr' aldraxes vengar d' o seu coñado

Sabido é que Felipe II tivo por primeira muller á reina María d' Ingraterra, filla d' Enrique VIII e Catuxa d' Aragón, e hirmá, pol-o tanto, de Sabel I, filla tamen d' Enrique e d' a disgraciada Ana Boleyn. Felipe II que, pol-o que se ve, iba a gusto n-o macho, ofercéuselle por esposo á sua coñada, pro ésta deulle co-a boda n-as narices e co-a porta n-os fociños ó señor duque de Feira que lle fci co-a embaixada. Somellante conduta contribuiu a alcender perdurabres resentimentos n-o corazón d' o desdenado rei d' España.

*O dia alvorexou... Escachoantes
Rompen as olas n-os pretos d' o muro*

A Armada ingresa, qu' asegún dí o *Memorial* que dirixiu ó Rei a cibdá d' a Cruña, compúñase de *cento e varenta e dous navios*, ancróu n-o porto gallego o 4 de Mayo de 1589. Tiñ' o mando d' a frota o insine Almirante Francisco Drake, e viñan n-ela catorce mil soldados de terra baixa as ordres d' o xeneral Enrique Nôrris,

*E d'os nautas a fror, o qu' a bandeira
De Saxonia portou d-o sul-ô norte.*

Entr'os marinos de todolos tempos, brila Drake pol-a intelixencia, pol-a destreza e pol-o arroxo pelegrinos de que deu probas en todal-as ocasiós. Foi o primeiro marino ingrés que deu volta ó mundo, e merecéu o agasaxo de qu'a reina Sabel acetase unha festa que se celebróu nas augas de Deptford, a bordo d'a nave n-a qu'aquel fixera tan estreyido viaxe.

*;Con rábea pensa, ô reloitar cunhigo,
N-os muros de Bayona e nos de Vigo!*

Catro anos dinantes d'o memorabre sitio d'a Cruña, n-o de 1585, a artillería ingresa gomitou os seus fogos contráas vilas gallegas de Bayona e Vigo. Tamén mandaba entón Drake os navios británecos, y o esforzo d'os nosos paisanos impidiu qu' Ingraterra cravase a sua bandeira n-a nosa terra.

*;Qué ferir! ;Qué loitar! ;Qué argarabía
De maldiciós e alayos n-a trincheira!*

Non é posibre ler, sin que qu' os ramalazos d'o antusiasmo s' arrupie o coiro, o atestado d'a defensa d'a Cruña feito por algús testigos d' esa groriosa fazanha. O notabre pubricista e fillo adoutivo de Galicia, Andrés Martínez Salazar, atopou, a voltas de traballosas e prolixas investigaciós, documentos, que son verdadeiras soyas, sobr' o ataque d'a cibdá crufiesa, e pubricónos, xuntamente con lumiosísemas paráfrasis, n-o seu libro *O cerco d'a Cruña en 1589, e Mayor Fernández Pita*. O señor Salazar, a quen o autor quere tanto com' admira, desfíxo tamén un erro

histórico secolar: o de que se lle dese á heroina crujesa
o nome de María, send' así qu' o que verdadeiramente lle
cadra é o de Mayor.

*{Pra qué falar de feminas espartanas
Onf están as mulleres coruñesas?}*

N-a Información feita en 25 de Setembre de 1589
pol-o Gremio de Mareantes, lens^c estas palabras:

«E que quando los enemigos daban e procuraban dar
los asaltos y acometimientos para entrar en la ciudad y
lo mismo en las minas y baterías que hicieron en la
cerca e muralla de la dicha ciudad las dichas mugeres e
hijos acudian á las partes más peligrosas con mucho ani-
mo con muchas piedras con las cuales tiraban a los ene-
migos con que les descalabraban e azian mucha ofensa y
algunas de las dichas mugeres teniendo e poniendose
con murriones y picas en las manos mostrando mucho
anymo y balor y ayudando a sus maridos y a las mas
gentes que estaban en la dicha muralla de suerte que
ayudaron a la defensa de la dicha ciudad grandemente y
el dia que se dió el asalto general y que se dió en la
bateria y se rompieron las mynas las dichas mugeres fue-
ron de mucha importancia muchas dellas peleando baro-
nilmente anymando a los maridos y a los soldados y
algunas dellas los enemigos las mataron estando terra-
plerando los cubos y defendiendo la dicha muralla y las
que quedaban bibas las ayudaban a sacar y enterrar los
soldados que de dentro mataban en la dicha muralla y
aun que mataban algunas dellas no por eso las otras per-
dían el anonymo antes cada vez se demostraban con mas
anymo y acudian con mas cuidado a la defensa de la
dicha ciudad.»

*Arrabuñan as pedras y-o formigo,
E todo abajo ven pol-los tambores.*

Nºº Memorial antedito, alcóntras' este párrafo:

«Que las mugeres acudieron de noche y dia a cabar la tierra y a carretarla a los cubos y traveses mina y bateria con gran diligencia y cuidado y asi mismo con el mesmo cuidado sin cessar carretavan piedra a la Muralla arrojando'as muy de ordinario encimí de las cabeças de los enemigos y particularmente el dia del asalto con anymo y esfuerzo de mas que de mugeres, y vistó por el Marques que se yba acabando la municion de Pelotaría a toda suerte ordeno se tomase todo el peltre assi platos escudillas y jarros a los vezinos que fue en gran cantidad lo cual todo se consumió en hacer Pelotería »

¡Eiqui veneiu a Drake... ¡Mayor Pita!


A valente muller cruñesa, unha d'as más sobrimes presonificaciós d'as virtudes patrótecas e d'º arroxo guebreiro d'as crases poupulares, é com'º o símbolo d'a vitoria conquerida pol-a Cruña contr' Ingraterra. D'º a sua vida e d'as suas estranas costumies acúpase longamente o respetabre esquirtor, dinantes nomeado, Andrés Martínez Salazar. A enteireza d'º o seu espírito convertiuna en heroina d'º un pobo; Felipe II galardonóuna c'º o titolo de soldado aventaxado e c'º o soldo de cincoenta escudos ó mes, dobre d'º o d'º un alférez d'º Infantería n-aquel tempo, e dempois d'enviudar d'º o carto d'os seus homes e de moer á preitos ós escribanos y'ás Chancillerías, morréu o dia 21 de Febreiro de 1643 e foi enterrada n-a airexe de San Minges d'a Cruña. A fantesía non pode igoalar a Mayor Pita con Xuana d'º Arco, mostrándoa envolta n-un limbo de luz céleca y-estritereal, blandendo espada de lume e despedindo centelas d'os ollos. Non ten Mayor

Pita o encantamento poéteco d'a heroína de Francia; a nosa non pasóu de sei unha muller de carne e hoso, de xenio acedo e d'armas tomar; pro asina com^e é, co as suas arrautadas y os seus nervos, c' o seo aspro caráuter y as suas aficiós pendencieiras, o poeta ve n-ela a imaxe máis exauta d' o pobo, sempre audaz, estrevido, cheo de impecados nobres e de xenerosos antusiasmos. A veira d' os cañóns, sobre as muralas esnaquizadas, o que se percisa non son aparições fantásticas, sinón combatentes que teñan músculos e corazón. Mayor Pita probóu qu' os tiña.

ERRATAS

Páxinas	Líneas	Dice:	Debe decir:
V	7	Premeo	<i>Prímeo</i>
25	5	estandarte,	<i>estandarte.</i>
28	15	recuóu	<i>reciúou</i>
33	6	vangoardea	<i>vangoárdea</i>





PRECIO, 2 PESETAS

LIBROS DEL AUTOR

Garcilaso de la Vega y sus obras (estudio crítico) agotado.

Luchar por la patria (cuadro dramático) agotado.

Gritos del alma (poesías) agotado.

Volvoretas (poesías gallegas) agotado.

Chorimas (ídem).

Leenda de groria (poema).

EN PREPARACIÓN

Escumas.

Follas aldeanas.

PRÓXIMO Á PUBLICARSE

A Xornada de Sampayo.